

PAUTAS XERAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE

Nesta corentena hai unha gran cantidade de actividades e de rutinas diarias que se poden levar a cabo co alumnado para favorecer o desenvolvemento da linguaxe e outros aspectos como: a atención, a memoria, a imitación e seguimento de instrucións, a atención conxunta, as quendas...

A continuación recóllense unha serie de actividades que podeades adaptar e realizar cos vosos fillos e fillas. Estas son:

- Realizar quebracabezas, sudokus, mandalas, labirintos, buscar imaxes iguais a un modelo concreto, buscar as semellanzas e as diferenzas entre debuxos, ofrecerlle un debuxo xa comezado e que o remate...
- Xogar a que un adulto verbaliza unha serie de díxitos ou palabras e que o neno ou a nena os repita.
- Facer un prato ou unha sobremesa seguindo os pasos dunha receita.
- Cantar e bailar cancións infantís.
- Xogar aos robots: o adulto vai dirixindo ao neno ou nena a través de instrucións claras.
- Xogar ás adiviñas, ao vexo-vexo ou facer sopas de letras poden ser moi útiles para que o alumnado adquira tamén vocabulario.
- Ofrecer unha serie de obxectos de dous ou tres campos semánticos e que os clasifiquen. Por exemplo: mazá, pera e fresa son froitas e leite, auga e zume son bebidas.
- Ler contos e comentalos de forma conxunta. Aproveitando este momento para producir os sons dos personaxes, cambiar voces...
- Ter moitas conversas co neno ou coa nena.

- No caso de non ter unha conversa como tal, debemos de verbalizar todo o que estamos a realizar.
- Xogar a diferentes xogos de mesa: dominó, parchís, oca... fomentando así o respecto polas normas dos xogos e as quendas.
- Facer un debuxo seguindo unhas instrucións ou libremente.
- Unir contrarios: alto-baixo, diante-detrás, día-noite, seco-mollado, arriba-abaixo, cheo-baleiro...
- Reforzar o xogo simbólico: xogar ás familias, ás cociñas, ás doutoras e doutores, ao mercado...
- Observar fotos familiares e comentalas con preguntas como: quen aparece na foto?, Cando foi?, onde?, que estaban a facer?...
- Describir persoas ou situacións que agraden ao neno ou nena.
- Ofrecerlle unha temática ou unha serie de palabras ao alumnado do seu interese e que fagan unha historia a través das mesmas.
- Comezar oracións e que o alumnado as continúe de forma oral ou escrita.
- Ofrecer oracións con erros e que o neno ou nena teña que corrixilas.
- Ofrecer unha situación na que ocorra algo e que o alumno ou a alumna indique que puido suceder para chegar a iso, como se senten as persoas, que podemos facer para remedialo...

Ademais de todas as actividades anteriores, hai unha serie de estratexias imprescindibles para favorecer o desenvolvemento da linguaxe nos nenos e nas nenas. Estas son:

- É necesario utilizar con eles e elas un discurso claro e adecuado a súa idade e ao seu nivel madurativo. Empregando oracións sinxelas, curtas e claras cos máis pequenos e pequenas.

- Hai que evitar unha linguaxe moi infantil, polo que non se deben de empregar diminutivos (canciño, vaquiña...).
- Debemos de falar sen prása, é importante pararnos e pronunciar coidadosamente as palabras. Facendo especial fincapé nas que o alumnado presenta dificultades para articular.
- É conveniente que nos situemos á mesma altura do neno ou da nena para levar a cabo unha conversa.
- Debemos de deixarlle aos nenos e nenas o tempo que precisen para respondernos ou para iniciar unha conversa. Non debemos de meterlles prása.
- É fundamental que os cativos e cativas se sintan escoitados. Debemos de prestarlle moita atención ao que nos verbalizan e, se non lle saen algunhas palabras non debemos de facer presión ou acabar nos as súas producións.
- É importante formularlle ao alumno/a preguntas abertas e evitar así as preguntas con resposta de “si” ou “non”. Por exemplo, é mellor preguntarlle que froita queres comer hoxe? a preguntarlle queres un plátano?.
- Podemos dificultar o acceso a obxectos que lles motiven moito para que teñan que pedirnos axuda verbalmente.
- Podemos ofrecerlle obxectos ou comidas que lle gusten a poucos, para que así pida.
- É importante tamén empregar “a fala paralela”. Isto consiste en que o adulto comenta todo o que está a facer o neno ou a nena.
- Hai que reforzar todos os intentos comunicativos dos nenos e nenas. Se non emiten correctamente unha palabra non hai que regañar. Podemos corrixilo dicindo “si moi ben, é unha pelota” se o neno emite “pepota”.

Todo isto o podemos reforzar nas rutinas que levamos a cabo a diario nos nosos fogares. Son pautas sinxelas e que axudarán moito a que os nenos e nenas potencien a súa competencia comunicativo-lingüística.

Moito ánimo familias!